

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO ALUGUER DOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN PARA A REALIZACION DOS CONCERTOS DO SAN FROILAN 2012 E PARA OS ACTOS DA LECTURA DO PREGÓN, DO TRAXE TRADICIONAL GALEGO E A OFRENDA A ROSALÍA DE CASTRO.

Sendo as 12,30 horas do día 14 de setembro de 2012, no salón de Plenos do Concello (sito na Praza Maior), constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua don Antón Bao Abelleira e actuando como vocais dona Sonia Méndez García, polo Grupo Municipal Socialista, don Angel Trabada Gómez en representación do Grupo municipal do PP, don Marcial Rodriguez Toajas interventor xeral do Concello, don Jose Antonio Carro Asorei, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo en substitución da letrada asesora do Concello, dona Matilde García Losada, xefa da sección de cultura e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte da Sr. Srecetario a dar lectura do informe técnico da sección de cultura do Concello en relación á valoración económica das melloras ofertadas polas empresas participantes, co seguinte teor:

“Asunto: Ofertas presentadas ó concurso para a contratación de luz e son para os actos e concertos do San Froilán-2012: MELLORAS

INFORME DA SECCIÓN DE CULTURA

Examinadas as melloras que acompañan as ofertas presentadas polas empresas **EMSAC** e **LUZSONGA**, a funcionaria que subscribe informa o que segue:

1.- PRAZA DE CAMPO CASTELO (6 días de actuacións)

EMSAC ofrece como melloras

SON

4 Altavoces MEYER SOUND MSL4, durante o seis días de actividade a un prezo de 180 euros/días.....	1.080,00 €
2 Altavoces para subgraves MEYER SOUND 650 P, durante seis días a 37 euros/día.....	222,00 €

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: LUZ E SON SAN FROILÁN 2012

Asunto: acta lectura de informe e adxudicación

1 Mesa Yamaha M7CL, 125 € día, durante seis días.....	750,00 €
Total.....	2.052,00 €

ILUMINACION

No prego non figura a mesa de regulación ou control das luces, esta empresa fai a mellora aportando este elemento por un importe total de 612,00 €

Considero que esta mellora non debe terse en conta porque a iluminación figura no prego e, aínda que non figura no prego a demanda do sistema de control de luces, non podería funcionar a luz.

TOTAL DE MELLORAS: 2.052 €

LUZSONGA

SON.

Non presenta ningunha mellora pero aporta dúas caixas ou altavoces MEYER SOUND MSL 4 e dúas subgraves modelo MEYER SOUND 650. Idénticas as aportadas pola outra empresa.

Non presenta como mellora o "sistema de microfonía profesional" e o "sistema de microfonía inalámbrica", e trátase dunha oferta aberta en número de micros e nos modelos que se demandaban no prego.

Non presenta como mellora a instalación de 2 "fresnel" de 2kw.en lugar dos cinepar ou similar.

ILUMINACION

Non presenta como mellora os 24 ch de dinmer strong de ata 3 kw por ch e a mesa de control ou un regulación da iluminación de 24 ch.

Non figura no prego a necesidade da instalación da mesa pero sí a iluminación.

2.- PRAZA DE SANTA MARÍA (9 días de actuacións)

EMSAC.

SON

- Ofrece 4 motores de 1 Tm, cada un. Prezo diario de 60 euros.

(O prezo dos motores propostos no prego de 500 kgs.: e o valor da empresa é de 30 €)....

30 euros X 9 días = 270 euros diarios

270 x 4 motores 1.080 euros

ILUMINACIÓN

- 8 proxectores robotizados de 1.200 watios. Modelo Vari* lite VL300. Prezo diario: 120 euros.

(Os focos propostos no prego de 700 w e a empresa valora o prezo en 70 euros/día)

50 euros x 8 = 400 euros

400 euros x 9 días 3.600, 00 €



- 6 Proxectores de recorte. Prezo unitario 15 € x 6 = 90 €/día 90 € x 9 días.....	810,00 €
(Non se demandaban no prego)	
- 4 Cegadoras (Non se demandaban no prego). 30 euros / día. <i>Na oferta sinala 2 cegadoras. 30X2= 60 euros x 9 días.....</i>	1080 €
- 6 PAR-64. (Non se demandaban no prego) Prezo unitario: 4 euros. 4 X 6 = 24 euros/diarios.- 24 eurosX 9 días.....	216,00 €
- 4 metros de pasacables para escenario a 9 €/m 36 X 9 =	324,00 €
- 1 ponte ou truss máis, 12 metros. Prezo 72 €/día... (9 días)..... (As bases establecen 24 metros),	648,00 €
- Cámara negra. 30 euros/día, 9 días..... (Non se demandaba no prego).	270,00 €
TOTAL DAS MELLORAS	7.488,00 €

Observacións:

Considero que as instalacións

- de pasacables non se pode considerar mellora xa que a empresa con esta medida coida o cableado da súa propiedade.
- da cámara negra reduce notablemente o espazo escénico, hai anos que non se instala por este motivo.
- E a potencia dos motores de elevación dos equipos vai ligada o peso dos equipos que se ofrecen.

Sin estas melloras o **importe total: 5.814 €**

LUZSONGA.

SON

Non fai melloras.

ILUMINACIÓN

4 cegadoras de 2.500 W.

Valoración 847,00 euros

Importe total das melloras: 847,00 euros

Observacións:

Non ofrece como melloras:

- Un "sistema de microfonía profesional" . Trátase dunha oferta aberta en número de micros e modelos.
- 1 toma eléctrica de 30 A para backline . Este sistema independiza os instrumentos dos equipos de luz e son.
- 6 motores de elevación de 1 Tm. en calquera dos modelos que figuran nas bases.
(As bases requirían 4 motores de 500 kgs.).

PRAZA HORTA DO SEMINARIO. (5 días de programación)



CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: LUZ E SON SAN FROILÁN 2012

Asunto: acta lectura de informe e adjudicación

- 1 mesa MIDAS PRO 2. Non requerida no prego e complementa a mesa para traballar dixitalmente.
 - Monitores D&B Audiotecnica. Supera ós requeridos
 - Monitores D&B Audiotecnica . Supera ós requeridos
 - Set 2 micros inalámbricos SHURE UHF. Non requeridos
 - 12 cabezas móbiles 1,200 W Martin MAC2000 PROFILE. Mellora as requeridas de 700 W.
 - 10 Wash High End Studio Comand 1200. Mellora as requeridas de 700 W
 - 4 cegadoras de 8 lámparas de 1.500 W. Non se requirían no prego
 - 2 pantallas de flash 1.500 w. Non se requirían no prego.
 - 2 cabezas móbiles de 1.200 w. Non se requirían no prego.
 - 1 mesa DIGICO SD8 STAGE RADE. A Empresa fai esta oferta que se trata dunha mesa de ultima xeneración por si algún técnico desexa substituíla pola MIDAS ofertada.
 - 1 Mesa de luces HIG END ROAD HOOG.- Esta mesa non se pode valorar porque é a que figura na oferta e está axustada as requeridas no prego (prezo 1.200 euros + iva = 1.416 euros
- Importe total: 17.346 - 1416= 15.930 euros.

Observacións:

- Non contempla como mellora un sistema de emisión por antena direccional que diminúe as interferencias.
- 1 toma eléctrica de 30 A para backline. Independiza os instrumentos dos equipos de luz e son.
- 1 sistema de microfonía. No limita número de micros e oferta as marcas requeridas no prego.
- 4 motores de elevación de 1 Tm.- Modelo Chain Master.- Os requeridos: 4 motores de 500 kgs.

VIDEO

Non computa como melloras:

- 2 Proxectores de video Christie LX 120 de 12.000. (Supera os requeridos de 5.000 lumens).
- Sistema completo de realización, mezcla, edición e grabación multicámara en disco dura Newtek Tricxaster 850.
- Monitores Apple Cinema Display de 32" para control de cámaras.
- Conversor de formatos.
- 2 Cámaras robotizadas Panasonic con operador remoto para control
- 1 Cámara robotizada con pant tilt Panasonic AW -HS50.
- 1 Cámara Panasonic P2 AG.Hp X171
- Marcos para as pantallas requeridas (2).

Importe total de melloras propostas por LUZSONGA nas tres plazas: 15.930 euros.

A oferta de EMSAC presenta as seguintes particularidades:



Concello de Lugo

CONTRATACION
MLA/rdi
Ref: LUZ E SON SAN FROILÁN 2012
Asunto: acta lectura informe e adx


- EMSAC. Na oferta non figura mención os equipos para atender as necesidades dos actos de lectura do pregón, ofrenda a Rosalía de Castro e no acto de exaltación do traxe tradicional galego. Na súa declaración recolle que acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego.
Tampouco se relaciona na oferta o persoal.”

A vista do cal os membros da Mesa tendo en conta a oferta económica (xa valorada na acta da mesa de contratación celebrada o día 23 de agosto de 2012) e as melloras valoradas no informe sinalado nas alíneas anteriores acordan propoñer a adjudicación do contrato de referencia a mercantil PRODUCCIONES EMSAC, S.L por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:00 horas.

O PRESIDENTE
Asdo. Antón Baó Abelleira

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Louzao Aldariz



MURALLA
gobierno de la comunidad

